

**ORGANISMO  
CONVOCANTE**

Secretaría Xeral da Igualdade

**Proced. SI429A - Axudas do programa EMEGA para fomento do emprendemento feminino.  
LIÑA ACTIVA****FINALIDADE DA AXUDA**

Favorecer a reactivación e consolidación de empresas lideradas por mulleres por medio da aplicación de medidas de renovación, relanzamento, ampliación ou cambio de localización da actividade coas cales acadar o equilibrio empresarial buscando o seu mantemento e promoción no contexto económico actual.

**RÉXIME DA AXUDA**

- Axudas de mínimos.
- Concorrenza competitiva. Criterios de valoración (máximo 100 puntos):
  - a) Emprego feminino creado por conta propia e allea. Máx. 15 puntos.
  - b) Investimento e financiamento. Máximo 15 puntos.
  - c) Contribución a integración laboral de mulleres en situación de especial protección. Máx. 10 puntos.
  - d) Formación e experiencia do equipo promotor. Máx. 7 puntos.
  - e) Carácter innovador do proxecto. Máx. 7 puntos.
  - f) Utilización de factores produtivos locais e comarcais. Máx. 7 puntos.
  - g) Localización do proxecto en zona rural. Máx. 7 puntos.
  - h) Contribución do proxecto ao desenvolvemento sustentable. Máx. 7 puntos.
  - i) Iniciativa empresarial pertencente ao sector de prestación de servizos de conciliación. Máx. 5 puntos.
  - j) Proxecto pertencente a sectores económicos en que as mulleres están infrarepresentadas. Máx. 5 puntos.
  - k) Período de desemprego das promotoras superior ao mínimo exixido. Máx. 5 puntos.
  - l) Grao de elaboración e concreción do proxecto. Máx. 5 puntos.
  - m) Presentación de toda a documentación relativa o procedemento en galego e compromiso do seu uso no desenvolvemento do proxecto. 5 puntos.

**BENEFICIARIOS**

Empresarias autónomas, microempresas e pequenas empresas que proxecten a reactivación da súa actividade económica para o mantemento do emprego e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Permanencia mínima de 3 anos acreditados anteriores a finalización do prazo de presentación de solicitudes, na actividade económica para a cal se solicita a axuda. Admíntense períodos de inactividade sempre que en total non superen os 3 meses.
- b) Que presenten un plan de empresa que recolla todos os aspectos contemplados na convocatoria.
- c) Que manteñan ou incrementen o número de postos de traballo por conta propia e por conta allea preexistentes na empresa.
- d) Que non recibisen nos últimos cinco anos axudas dos programas EMEGA.

**INTENSIDADE DA AXUDA**

- Prima de 6.000 € as empresarias autónomas.

- Prima de 12.000 € :
  - Sociedades constituídas por dúas promotoras.
  - Empresarias autónomas que manteñan ou creen un posto de traballo con contrato indefinido para outra muller.
- Prima e 18.000 € as empresas que manteñan ou creen dous postos de traballo por conta propia para mulleres.
- Prima de 20.000 € para as empresas que manteñan ou creen dous postos de traballo por conta propia e un posto de traballo por conta allea con contrato indefinido para mulleres.
- Prima de 22.000 € as empresas que manteñan ou creen dous postos de traballo autónomo e dous postos por conta allea con contrato indefinido para mulleres.

#### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

Ata o 22 de xuño de 2012.